



MEMORIA-VALORADA DE SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS NOVOS PARA A RENOVACIÓN DA ÁREA DE XOGOS INFANTÍS DO PARQUE DE GALERAS.

XUÑO 2014.

ÍNDICE

1. ANTECEDENTES.
2. OBXECTO.
3. PROPOSTA DE INTERVENCIÓN.
4. TRABALLOS PREVIOS.
5. XOGOS INFANTÍS.
6. CHAN DE SEGURIDADE.
7. CONDICIÓNS TÉCNICAS.
8. PRAZO DE EXECUCIÓN.
9. GARANTÍAS.
10. DETALLE DO ORZAMENTO.
11. REPORTAXE FOTOGRÁFICA E PLANOS.

1. ANTECEDENTES.

O concello de Santiago de Compostela está levando a cabo os traballos de adecuación das áreas de xogo infantís ás necesidades reais da poboación da zona, con especial interese nos máis pequenos, mostrando especial sensibilidade en habilitar e conserva-las zonas de xogos infantís, mellora-la proposición deste tipo de áreas e a súa adecuación á Normativa de seguridade vixente.

De aí que xurda a necesidade de rediseñar e redimensiona-las áreas de xogo infantís, máxime nun caso coma o desta área cujos elementos teñen unha antigüidade superior aos 14 anos e que non dispón da documentación que acredite que cumpre coa Normativa de Seguridade actual, resultando imposible a súa certificación.

A dita área de xogos está situada no Parque de Galeras, sen tránsito preto e cun número de usuarios elevado (por se tratar dunha área de influencia importante).

2. OBXECTO.

O obxecto principal é o de equipar a área con elementos de xogo novos con diferentes actividades, e poder contar cun certificado que garanta a seguridade no xogo segundo o disposto na Normativa vixente.

En resumo, o obxecto do presente proxecto é a convocatoria dun concurso para a contratación do subministro e a instalación de elementos novos para a área de xogos infantil, no espazo indicado expresamente nos planos.

3. PROPOSTA DE INTERVENCIÓN.

A proposta de intervención levarase a cabo dentro do espazo indicado nos planos. Para o resto dos aspectos da intervención (deseño, modelos e temática dos elementos de xogo) os concursantes terán liberdade total á hora de presenta-la súa oferta.

4. TRABALLOS PREVIOS.

Inclúen a retirada dos xogos existentes para instala-los novos, o nivelado e mesmo a retirada dos sobrantes da superficie para a aplicación do pavimento de seguridade novo.

5. XOGOS INFANTÍS.

Dada a variedade de modelos existentes na actualidade, os licitadores disporán de plena liberdade para ofertar o número e os tipos de elementos de xogo que consideren máis axeitados, segundo os criterios que de seguido se detallan, así coma os criterios de valoración.

- Os xogos deberán posuír un elevado contido lúdico e estarán deseñados de xeito que resulten estimulantes para a imaxinación infantil, ademais de serviren para o desenvolvemento físico e mental do neno.

- Será obrigatorio que a área conte co maior número posible de xogos adaptados para nenos e nenas con diversidade funcional, de xeito que posibilite o disfrute deste espazo infantil e de lecer.
- O equipamento da área deberá estar deseñado considerando o uso simultáneo polo maior número de nenos, e contará con xogos aptos para as diferentes idades e condicións físicas.
- Os elementos de xogo formarán un conxunto homoxéneo coa contorna e serán complementarios e compatibles co resto dos elementos. Deberán estar fabricados con materiais de alta calidade, valorándose aqueles materiais que faciliten o seu mantemento posterior así como o emprego de materiais reciclados ou reciclables, que os custos derivados sexan mínimos e a resistencia contra os actos vandálicos máxima.
- Os fabricantes dos xogos deberán acreditarlo cumprimento da Normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14.001.
- Así mesmo, tódolos elementos de xogo deberán observar o disposto na Normativa de Seguridade vixente para as áreas de xogo infantís.

A relación de normas de seguridade que deben respectar, é a que de seguido se detalla:

- Decreto 245/2003 de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade dos parques infantís da Xunta de Galicia, e as súas modificacións posteriores.
- UNE – EN 1176/2011 de equipamento das áreas de xogo e das superficies.
- UNE – EN 1177 de revestimentos das superficies das áreas de xogos absorbentes de impactos.
- Certificación e homologación da área de xogos, así como do chan amortecedor, expedida por unha empresa de inspección acreditada pola ENAC ou por outro órgano competente.

6. CHAN DE SEGURIDADE.

Os licitadores terán liberdade para elixir o chan de seguridade que consideren máis axeitado, o cal deberá posuír un elevado contido lúdico e estar deseñado para estimular a imaxinación infantil.

As superficies sobre as que caen os nenos ao empregar os elementos de xogo, serán de materiais brandos que permitan a absorción dos impactos e o amortecemento dos golpes, e respectarán o disposto na normativa UNE – EN 1177.

O chan de seguridade combinará as cores e as formas na mesma liña que a temática da área. O deseño debereá ter un elevado contido lúdico, ser estimulante para a imaxinación infantil e servir para mellora-lo desenvolvemento físico e mental do neno.

7. CONDICIÓN TÉCNICAS.

CONDICIÓN XERAIS DO SERVIZO DE MANTEMENTO.

A empresa adjudicataria realizará, o primeiro ano contado dende a data de recepción da instalación, o mantemento da área de xogos obxecto do presente contrato.

Considérase mantemento correctivo calquera reparaición que sexa requirida polos técnicos do Departamento de Parques e Xardíns, co obxecto de garantir que ningún elemento permaneza en condicións non axeitadas.

O dito servizo incluirá:

- Os elementos de xogo infantil.
- A superficie amortecedora.
- A sinalización da área.

Non se inclúe a limpeza diaria da dita área: papeis, latas, plásticos, follas, etc.

Ante calquera aviso, a empresa adxudicataria deberá realiza-la inspección e posterior corrección do desperfecto observado, reparando as pezas que se atopen en mal estado e restablecendo a funcionalidade dos equipos.

Para as reparacións empregaranse sempre pezas orixinais do fabricante. A reposición das pezas danadas serán sempre pola conta da empresa adxudicataria, independentemente das causas do seu deterioramento, mesmo as producidas por actos vandálicos.

Así mesmo, esixiráselle á empresa adxudicataria un compromiso de disposición de pezas orixinais para repostos, suficiente para un período de 10 anos.

OUTRAS OBRIGAS DO CONTRATISTA.

As prestacións efectuaranse segundo as condicións que de seguido se detallan, e das que se derivan dereitos e obrigas para ámbalas dúas partes contratantes.

- A instalación dos elementos que se van subministrar estará suxeita ás condicións anteriores.
- Disposición do persoal necesario (tanto en número coma en capacidade profesional) así coma dos medios auxiliares necesarios para a normal realización dos traballos.
- Disponibilidade dos almacéns, materiais e repostos necesarios, nas contías mínimas que garantan o desempeño racional dos traballos asignados.

PROTECCIÓN, SINALIZACIÓN E INFORMACIÓN DOS TRABALLOS.

Por se tratar de traballos que se van realizar nun espazo público e de paso dos cidadáns, considéranse importantes as medidas de seguridade que hai que adoptar durante o seu desenvolvemento, as cales deberán garanti-la eliminación dos riscos para os usuarios e para os mesmos traballadores.

A zona da ocupación acoutarase por medio de cintas ou valos metálicos coa sinalización oportuno.

CONTROL DE CALIDADE.

O Concello, a través dos servizos técnicos, resérvase o dereito a rexeitar aqueles elementos (ou componentes dos ditos elementos) que considere que non cumpren coas especificacións.

Así mesmo, poderá ordena-la análises e controis de calidade que considere necesarios, que se realizarán en laboratorios especializados, e cuio custo será responsabilidade da adxudicataria.

PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL.

É interese primordial do Concello que o dito contrato destaque pola observancia da protección medioambiental, coa fin e evitar molestias aos cidadáns.

Por todo o anteriormente exposto e, con independencia a eliminación dos residuos que se propón de seguido, a totalidade dos materiais empregados no mantemento e nas reposicións, deberanse adaptar á Normativa vixente, incluíndo os produtos da limpeza, as pinturas, os disolventes e os tratamentos das madeiras.

Así mesmo, tanto os equipos empregados coma os traballos realizados deberán cumprir escrupulosamente coa Normativa vixente en materia de contaminación acústica.

Os residuos resultantes da realización dos traballos, así coma as embalaxes, os envases baleiros, etc, serán retirados polo contratista sen se lle permitir mantelos no lugar das obras.

Segundo o establecido no *Real decreto 105/208 de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos da construción e demolición (RCDS)* e os requisitos ambientais do Departamento de Parques e Xardíns, as empresas contratistas e subcontratistas das obras deberán:

- Incluir nos proxectos de execución un "Estudo de xestión de RCDS" co contido mínimo indicado no artigo 4.1. do Real decreto 105/208.
- Xestionar los RCDS segundo a lexislación aplicable e os criterios que sexan indicados polo Departamento de Parques e Xardíns.
- Dispor da documentación que acredite que os RCDS realmente producido foron xestionados, de se-lo caso na obra ou tratados por un xestor autorizado, nos termos establecidos na lexislación e no estudo de xestión. A dita documentación deberá estar a disposición do Departamento de Parques e Xardíns.

8. PRAZO DE EXECUCIÓN.


Para levar a cabo a execución dos traballos, considérase suficiente un prazo de 60 días.

9. GARANTÍAS.

A garantía mínima de tódolos elementos será de 1 ano, e abranguerá tódolos vicios ou defectos de fabricación, transporte e instalación.

10. ORZAMENTO.

Ascende o Orzamento de execución material á cantidade de 63.177€, que incrementado co 21% de IVE, supón un **ORZAMENTO TOTAL DE EXECUCIÓN POR CONTRATA de setenta e seis mil catrocentos corenta e catro euros con dezasete céntimos (76.444,17€)**



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DETALLE DO ORZAMENTO.

CAP.	UD.	CONCEPTO	PREZO UNIT.	IMPORTE
1	7	Ud. Desmontaxe e retirada dos xogos existentes, incluíndo a carga e o transporte a un vertedoiro autorizado. Área totalmente libre de restos.	38	266
	300	M ² para o nivelado da superficie e mesmo a retirada dos sobrantes a un vertedoiro autorizado. Totalmente rematado.	4,75	1.425
2	1	P.A. para a subministración e montaxe dos elementos de xogo (para máis de 3 anos) que incluírán actividades variadas, alta capacidade de xogo simultáneo e boa integración coa contorna no relativo ás cores, o deseño, etc. Inclusive a cartelería de información. Totalmente montado.	37.000	37.000
3	300	M ² de chan de seguridade, cos modelos, as cores e as formas que se consideren máis axeitadas para o conxunto da área de xogos. Totalmente rematado.	76	22.800
4	1	Ud. Certificación da área de xogos por unha empresa autorizada e certificadora con selo da ENAC.	286	286
5	1	P. A. para material de seguridade	400	400
6	1	Servizo de mantemento primeiro ano	1.000	1.000
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL				63.177
IVE (21%)				13.267,17
ORZAMENTO TOTAL DE EXECUCIÓN POR CONTRATA				76.444,17€

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2014.

O xefe do Departamento de Parques e Xardíns

Asdo: José A. Mosquera Rodríguez.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

11. REPORTAXE FOTOGRÁFICA E PLANOS.



A handwritten signature in blue ink, consisting of several stylized, overlapping lines.

Estado do parque infantil
Xuño de 2014






[Handwritten signature]







[Handwritten signature]




SITUACIÓN

 CONCELLO DE SANTIAGO	Título proxecto: PROXECTO DE SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS NOVOS PARA A RENOVACIÓN DA ÁREA DE XOGOS INFANTÍS DO PARQUE DE GALERAS		
	Título plano: SITUACIÓN		
PARQUES E XARDINS	Archivo informático:	Data: xuño 2014	Escala: 1/12000
	Archivo carpetas:	Debuxado:	Nº plano: 1

[Handwritten signature]



PARQUE DE GALERAS

 CONCELLO DE SANTIAGO	Título proxecto: PROXECTO DE SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS NOVOS PARA A RENOVACIÓN DA ÁREA DE XOGOS INFANTÍS DO PARQUE DE GALERAS		
	Título plano: PLANO INDICATIVO DA ZONA A REMODELAR		
PARQUES E XARDINS	Archivo informático:	Data: xuño 2014	Escala: 1/750
	Archivo carpetas:	Debuxado:	Nº plano: 2